

## **ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE AEROBIC.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, cando son as 10:00 horas do día 29 de outubro de 2.010, reúnen os membros do tribunal de selección do procedemento de selección dunha praza de profesor/a de aerobic, coa composición determinada mediante resolución nº 697/2010 do 4/10, estando presentes: D<sup>a</sup>. Gema Vázquez López (Interventora do Concello) que actúa como Presidenta do Tribunal, D<sup>a</sup>. Dolores Hortas Baleiro (persoal do Concello), D<sup>a</sup>. Silvana Facal Martínez (persoal do Concello) e D. Federico M. Suárez Cancelo, Secretario do Concello que actúa como Secretario do Tribunal, con voz pero sen voto.

Reunido o tribunal á hora sinalada procede á valoración dos mérito alegados pola única aspirante presentada e admitida, co seguinte resultado:

<b>Nome</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>	<b>E</b>	<b>Total</b>
M <sup>a</sup> Isabel Tasende Pombo	3,00	1,00	1,00	0,15	1	5,20

A=Experiencia profesional.

B=Titulación.

C=Galego.

D=Cursiños e xornadas.

E=Entrevista persoal.

Polo que á vista da puntuación e tendo en conta que se trata da única aspirante o Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, acorda propoñer a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isabel Tasende Pombo para o posto de profesora de aerobic, e concederlle un prazo de 3 días a contar dende a publicación da presente acta no taboleiro de anuncios e na web do Concello, para que achegue ao Concello a documentación prevista na cláusula undécima das bases aprobadas mediante resolución de Alcaldía nº 697/2010 do 4/10. Non sendo outro o obxecto da presente levántase a sesión.

Cabana de Bergantiños 29 de outubro de 2.010. Asinan os membros do tribunal.